

ONDE ESTÁ O POLIÑO DE ROSALÍA?

Texto e ilustracións de PAT HUTCHINS

Tradución de SILVIA PÉREZ TATO

Encadernado en cartón. 25,4 x 20,3 cm. 32 páx. 14 €.

Onde está o poliño de Rosalía? (galego)

ISBN 978-84-8464-940-3. Tras os montes.

¿Dónde está el pollito de Rosalía? (castelán)

ISBN 978-84-8464-939-7. Libros para soñar.

Non arralo dago Loreren txita? (éuskar)

ISBN 978-84-7681-891-6. Kalandraka-Pamiela.

On s'ha ficat ell pollet de l'Angelina? (catalán)

ISBN 978-84-8464-941-0. Llibres per a somniar.

A galiña Rosalía puxo un ovo.

E o poliño, por fin, estaba a romper a casca...


Pero... oh! Onde está o poliño?

“Onde está o poliño de Rosalía?” é a segunda parte de “O paseo de Rosalía”, un clásico de 1968 co que Pat Hutchins deuse a coñecer como autora e ilustradora, destacando daquela pola súa proposta de estética vangardista, con liñas sinxelas, cores de tons ácidos e alto contido visual. Partindo da plena vixencia desa obra, este novo relato mantén as cualidades narrativas e plásticas do seu precedente: frases breves e encadeadas acompañadas de imaxes descritivas que complementan graficamente o relato, amosando dous niveis de lectura paralelos.

Así, por unha parte, Pat Hutchins fainos partícipes da incesante busca do poliño por parte dunha preocupada galiña Rosalía; por outra, asistimos ás perigosas peripecias do poliño -torpe e despistado- dando voltas por distintos escenarios da granxa, mentres a nai anda á súa procura.

Divertidas aventuras campestres e moito humor, nun álbum novo, con múltiples chiscadelas ao seu primeiro libro.

www. **Kalandraka** .com
comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** a galiña Rosalía busca o seu poliño; a vida na granxa.
- **Idade recomendada:** prelectores e primeiros lectores.
- **Aspectos destacables:** continuación do álbum “O paseo de Rosalía”; da mesma autora de “Boas noites, bufo!” (KALANDRAKA); animais, granxa; cores; orientación no espazo; humor; múltiples lecturas.

Pat Hutchins

(Inglaterra, 1942)

A sexta de sete irmáns, Pat Hutchins medrou rodeada de campo e de natureza, unha circunstancia que se reflicte na súa obra. Dende moi nova soubo que quería ser artista, ao que a animou unha parella de anciáns que premiaba cada debuxo seu cunha barra de chocolate. Estudou nunha escola local de arte durante tres anos antes de ampliar a súa formación na Academia de Arte de Leeds, onde se especializou en ilustración. Ao principio, a súa obra limitouse ao circuíto comercial artístico de Londres pero, despois de casar, viviu unha tempada en Nova York, onde lle amosou a súa obra -con moito éxito- a varios editores. “O paseo de Rosalía” foi o seu primeiro álbum infantil, Libro Destacado en 1968 pola Asociación de Bibliotecarios de América. Dende entón escribiu varias novelas e creou numerosos libros ilustrados. Foi galardoada en 1974 coa prestixiosa Medalla Kate Greenaway.

